

Breve panorama histórico de Villestro e algunhas notas para a súa etnografía

Carroucheiros de Villestro
Carroucheiros de Villestro
Vintecinco carroucheiros
Cabem debaixo dun cesto

Esta copla popular recollida polo Instituto da Lingua Galega (ILG) amosa o principal alcume polo que eran coñecidos estes veciños da comarca de Compostela. A carroucha, ou carrasco, é unha pequena planta da familia das uces que, hai só unhas décadas, enchía o monte galego coas súas características flores malvas, antes de que os toxos e eucaliptos dominasen os montes actuais como o fan. Era aproveitada como comida para o gando, ou para quentar o forno ou queimar na lareira. As ovellas e cabras botadas a pacer no monte comían con ganas os seus gromos, de forma que as raíces engordaban ata convertérense nuns tallos grosos cos que facer carbón. As forxas e os ferreiros apreciaban especialmente este carbón para fundir o ferro.

Así pois, a recollida da carroucha para a súa venda era unha actividade humilde pero de moita importancia na economía dos labregos en certas zonas de Galicia, entre as que cabe incluír a parroquia de Villestro, a escasos quilómetros dunha vila necesitada de combustible para os seus fogares e a súa industria. Podemos imaxinarnos ás *carroucheiras* de Villestro (pois era unha actividade maioritariamente feminina) chegando ata o mercado na antiga praza da Leña (hoxe Rodrigo de Padrón). Un camiño que, todo hai que dicilo, se facía a pé cos feixes ou cestas á cabeza, xa sexa a través de Figueiras saíndo ás abas de Pedroso, xa sexa polo camiño de abaixo por detrás de Roxos, ou mesmo aproveitando parte do trazado do camiño de Fisterra, dependendo da aldea de orixe. Ao pé do castro, estaba o pousadoiro chamado “pedra medida”, unha pedra de boa altura onde pousar o fardo para descansar o corpo un anaco e logo poder cargalo de novo sen axuda¹.

Pero, ¿hai historia de Villestro antes dos *carroucheiros*? Carreras y Candi destaca na súa *Geografía de Galicia* (1929) a calidade do terreo, a benignidade do seu clima temperado e a abundancia de mananciais de Villestro, todos trazos moi propicios para o asentamento humano. Temos restos catalogados que mostran unha ocupación temperá, como unha mámoa en Vilastrexe, un asentamento ao aire libre da Idade do Bronce escavado na Silvouta e os castros de Trasigrexia e de Roxos, este último tan alterado que as súas estruturas xa non son rastrexables. Especial relevancia están

¹ Clodio González Pérez, “Carroucheiras e carroucheiros”, *Irimia*, ano XX, número 593 (25 de decembro de 2000 a 7 de xaneiro de 2001), pp. 10-11.

adquirindo os gravados ao aire libre, adscritos na súa maioría á Idade do Bronce. Aínda que o PXOM do Concello de Santiago só incluíu seis no seu catálogo, recentemente están empezando a saír á luz un número importante de petróglifos, destacando de forma especial o conxunto descuberto no monte de San Miguel.

As obras de urbanización do SUNP-25 de Roxos-Quintáns deron lugar a unha escavación urxente de diferentes estruturas ao pé do castro de Trasigrexá. De aí obtívose un conxunto de cerámica castrexa de uso común propia do cambio de era, así como material das primeiras fases da época romana, todo o cal nos dá as primeiras pistas da ocupación do val de Roxos durante a romanidade.

Sen dúbida, o río Roxos determinou en grande medida a paisaxe humana do seu val. O seu propio nome indica a importancia deste recurso natural, pois dun nome prelatino *arrugiú resultarían as palabras “arroio” e “roxo”, só conservado como nome propio². Así, temos en Compostela outro nome de río que, como Sar ou Sarela, significan “corrente de auga”.

No val do Roxos fóronse conformando unha serie de aldeas tomando dous eixes principais: o camiño a Noia (que dá forma ao actual tipo de “poboación en liña”) e o propio río. Ao longo deste atópanse a maioría das aldeas, intelixentemente situadas nas abas dos montes para protexérense dos ventos e deixar libres para o cultivo as mellores terras. Case podemos describir a paisaxe de Villestro a través da toponimia dos seus lugares: a abundancia de pedras en Pedrido, os bosques de árbores altas na Silvouta (non debe ser casualidade que aquí se reservase unha devesa nacional), a vexetación autóctona en Carballal ou Piñeiro, o paso entre montes pola Portela... Pola contra, o nome de Fraíz parece que nos fala dun antigo habitante e das súas propiedades, a *villa Frarici*, “a vila/a casa de *Frarico*” (está documentado noutras zonas de Galicia o nome de persoa de orixe xermánico Frarigus ou Frarici).

En calquera caso, o nome desta parroquia, Villestro, pasa a estar amplamente documentado cando Santiago de Compostela amplía as fronteiras da súa xurisdición. Desde principios do século XI, e cara a unha mellor administración, as causas civís de Santiago quedan baixo a supervisión de dous xuíces, primeiro designados polo rei, pero xa desde o XII polo arcebispo compostelán. Neste momento, a xustiza do territorio que o rei Ordoño II outorgara á Igrexa compostelá a principios do século X, coñecido como Xiro da Rocha e que inclúe as terras da contorna rural (Aríns, O Eixo, Marrozos, Ons, Recesende, Ozón, Reis, Rarís, Luou, Calo, Bugallido, Biduído, Ortoño, San Xoán e Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Marantes, Conxo, Ameixenda, Figueiras, Laraño e por suposto Villestro) comeza a ser exercida

² Fernando Cabeza Quiles, *Toponimia de Galicia. Guías AZ*, 2008.

por estes dous cargos eclesiásticos denominados respectivamente “xuíz de Luou” e “xuíz de Villestro”. Este sistema foi substituído na primeira metade do século XVI coa petición de don Diego de Soto de acceder á dignidade de arcediago, e cuxo poder foi traspasado aos xuíces da Quintana³.

Como testemuña deste pasado queda na microtoponimia de Villestro o nome da “Pedra da Legua” para un conxunto de casas dunha zona situada na marxe dereita da estrada en dirección a Noia. Non cabe dúbida de que o topónimo fai referencia ao fito material encargado de marcar as tres leguas que definen o límite entre o Xiro da Cidade e o Xiro da Rocha, de 12 millas.

Pegando un salto ata o século XIX, dalgunha maneira é posible rastrexar parte da convulsa historia do Estado español deste século na historia local de Villestro. A creación dos primeiros concellos españois grazas á Constitución liberal aprobada polas Cortes de Cádiz en 1812, posibilitou que Villestro se constituíse en municipio durante o Trienio Liberal (1820-23). A caída deste goberno e o regreso do absolutista Fernando VII vense reflectidos nas inquietudes da Igrexa española. As indicacións e pautas que o arcebispo de Santiago frei Rafael de Vélez, ben coñecido en España polas súas obras anticonstitucionalistas, envía aos seus curas párrocos son claras no que se refire ás súas principais preocupacións: erradicación de malos costumes entre os fregueses incluíndo o fomento das delacións de liberais ou outras malas prácticas, estímulo do rezo, organización de conferencias morais para os curas, condonación de dezmos non pagados por mor das “Cortes Revolucionarias”.

No ano 1835 nace o Concello de Conxo, no que se inclúe a parroquia de Villestro (as outras son Conxo, O Eixo, Aríns, Bando, Marrozos, Laraño e Figueiras). Conxo será anexionado polo Concello de Santiago en maio de 1925. Como parte deste concello foi estudado por Juan Lema e Alberto Vilariño⁴.

Nesta época, Villestro contaba con certa industria. A fábrica de papel do Pego, propiedade de José Benito Iglesias, empezou a funcionar na primeira metade do XIX e daba traballo a 16 persoas. Na mesma zona do Pego, a forza acadada polos ríos Sar e Roxos na súa confluencia permitiu manter dous muíños fariñeiros, un negocio do que aínda falan os maiores de Villestro, pois no verán había que acudir a eles xa que o río Roxos non sempre tiña o suficiente caudal para mover os muíños veciñais.

Unha historia interesante que queda por construír é a historia da educación en Villestro propiciada polos emigrantes. En 1910, Gumersindo Busto, o eminente fundador da

³ Arturo Iglesias Ortega, *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*.

⁴ *Concello de Conxo. Unha historia esquecida*.

Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela, propuña desde Arxentina a creación dunha escola en Laraño ou en Villestro. Por outra banda, o *Reglamento de la Sociedad Hijos de Villestro y Laraño: Sociedad de Instrucción*, asinado na Habana en 1913, recolle entre os seus obxectivos o fomento da “instrucción elemental, superior y de comercio, artes y oficios” entre nenos e adultos, tanto en homes como en mulleres. Para isto propón a construción dunha casa escola, cuxos alumnos contarán cun boletín onde se apuntarán os resultados de aprendizaxe, pero tamén o seu comportamento e actitude. A Sociedade comprométese a axudar, en Cuba ou en calquera outro lugar no que estea presente, aos antigos alumnos cun boletín con apuntamentos positivos.

Hoxe en día, Villestro é unha parroquia do rural compostelán formada polos lugares de Reborido, Fraíz, Carlexo, Feáns, Trasigreja, Quintáns, Portela, Vilastrexe, Roxos, Silvouta, Carballal, Pedrido e Piñeiro. Diversos documentos do século XVIII, como os libros da fábrica parroquial ou a documentación xerada para realizar o catastro de Ensenada, aínda falan doutro núcleo rural, Felle, hoxe, polo que parece, absorbido polo lugar de Fraíz. De Felle quedan pequenas pegadas no territorio, como o manancial de Felle.

Con datos que temos na man pódese dicir que a vida nesta parroquia da contorna compostelá non difería da vida do resto do rural galego. Para mediados do século XIX, Madoz describe así a produción principal de Villestro: “trigo, centeno, maiz, lino, patatas, outras legumbres y fruta; cria ganado vacuno, de cerda, caballar y mular; hay caza de perdices, codornices y otros pájaros y se pescan truchas”. A sociedade “Hijos de Villestro y Laraño” pretendía implantar industrias rurais e granxas agrícolas. No 1920 nacíu a Sociedade de Gando Vacún A Unión de Villestro, Figueiras e Laraño.

Unha particularidade da parroquia de Villestro ten que ver coa propiedade da terra, en concreto coa propiedade do monte. Un dos trazos do rural galego é o uso e aproveitamento do monte de maneira mancomunada e consuetudinaria, o cal deriva da titularidade colectiva da súa propiedade. Os montes de man común pertencen tradicionalmente aos veciños de determinado lugar polo mesmo feito de selo. Aínda a principios do século XIX o monte de man común supuña entre os tres cuartos e os dous terzos da superficie galega⁵.

⁵ “Propiedad comunal y desarrollo rural: los montes de vecinos en Galicia”, en http://www.orgacmm.org/xTEIMAS/TEIM-13_FORESTAL/TEIM-134_UNIVERSIDADE/ALMACEN/teimX-1342.htm [última consulta: 12 de novembro de 2014].

Non obstante, tal e como estudou no seu día Clodio González Pérez⁶ contrastando as referencias no Catastro de Ensenada coa situación no ano 2000, a parroquia de Villestro pasou de 4785,5 ferrados de monte comunal en decembro de 1752 a apenas un ferrado. Sucedeu que os veciños decidiron repartir este monte entre todos, no lugar de mantelo como propiedade común das aldeas. Só na aldea de Carlexo existiu un monte mixto en man común ata ben entrado o século XX. Os sucesivos repartos hereditarios déixannos un panorama actual do monte de Villestro fraccionado ata o extremo, á espera de que rematen os traballos de concentración parcelaria comezados hai varias décadas. [incluír plano]

Outro selo de identidade de Villestro foi a súa cantería. Xunto coa parroquia de Figueiras, os seus montes foron fonte de pedra para a vila de Santiago. En outubro de 1949 temos o seguinte testemuño do diario do arqueólogo pontevedrés Ramón Sobrino: “Monte de Fraiz. Cantera de Roberto Adrán. A 1 km y pico de la carretera por el camino de la casa de Albadornedo. Rojos. Ha extraído piedras con petroglifos. He visto uno en el taller en una piedra en el taller de labra de los Feanes. Piedra empleada en el “Salón Teatro””. Unha veciña de Fraíz de 88 anos cóntanos como o seu bisavó e o seu irmán, os dous canteiros de Pontevedra, instaláronse en Fraíz atraídos polo traballo. Tamén nos informa de que traballaron para a Universidade, nun edificio enfronte de Correos, noticia que cadra cunha placa de 1890 no claustro de San Xerome dedicada a don Vicente Fraiz Andon: “maestro ilustre, gran patriota y constante restaurador de este edificio”.

Apurando un pouco máis o diario escrito por Ramón Sobrino, entresacamos esta anécdota:

19 de Octubre de 1949

Voy a ver la piedra. Está desecha. En una peña próxima descubro un círculo muy desvanecido. El sitio se llama “Pedra do encanto”, As Lamas, monte de Fraiz, parroquia de Villestro. Los rapaces decían que eran “tixolas” (sartenes). Cuando estaban metiendo los grillos para partirla, el trabajo era penoso y el dueño (R. Adrán) dijo: “O encanto da pedra fai forza para fóra”

Típico vestixio arqueolóxico unido a contos de encantamentos. Esta é outra das tarefas pendentes para Villestro, a recollida das súas lendas de mouros, de mouras, de ánimas. Quizais o traballo continuado dos canteiros na pedra tivese como un dos resultados a perda das crenzas e da maxia xurdida destes gravados prehistóricos, noutros tempos tan importantes que a Igrexa tratou de aplacar engadindo cruces cristianizadoras. Ou pode que non désemos coas persoas ou coas preguntas adecuadas.

⁶ Villestro: “Montes y deesas en común” (1752), Villestro, 2001.

Pero a maxia non abandonou de todo a vida desta parroquia. O meigo de Reborido atraeu durante moitos anos a xente da comarca para arranxar os males do gando coas súas oracións. Ou aínda se fala daquel home que vía a Compañía e así sabía quen ía morrer proximamente ou a familia na que unha morte ía suceder.

- Capela do Carme, en Fraíz. Don Manuel Quintela fundou a capela da Nosa Señora do Carme en Fraíz, no lugar chamado do Conde.

Unha informante cóntanos a seguinte lenda sobre a campá desta capela. A capela de Fraíz non ten campá, porque din que unha señora que morreu xa hai moitos anos encargada de gardar os santos, os vendeu. Un día que estaba sentada nun banco debaixo da campá, esta caeu sobre ela: “por vender os santos, Deus a castigou”.

- Festa de San Miguel. A celebración deste santo no mes de maio está documentada polo menos desde principios do século XVIII. Neste momento, o arcebispo de Santiago ordena a recuperación do costume de que os curas das parroquias lindeiras acompañen o santo na procesión á capela de San Miguel en Roxos. O párroco de Vilvestro certifica no ano seguinte a presenza dos párrocos de Laraño e de Biduido.

- Diferentes testemuñas aínda lembran o Antroido que se celebraba en Vilvestro na súa mocidade. Era costume que dous homes se vestisen de burro e percorresen os lugares da parroquia perseguidos polo resto de veciños disfrazados, acompañando as súas trasnadas con bailes e pandeiretas. Esta festa culminaba prendéndolle lume a un boneco de palla, o Antroido propiamente, que a continuación era arroxado ao río.